



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

ORDENANZA REGULAMENTADORA DA PRAZA SUBVENCIONADA EN CENTRO DE DÍA “O SEIXEDO” POLO CONCELLO DE ARTEIXO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente ordenanza nace da necesidade de posibilitarlle ás persoas en situación de dependencia, unha alternativa institucional temporal de atención persoal, terapéutica e social, na que aínda que teñan limitada a súa autonomía persoal, non estea xustificada a súa institucionalización permanente, sempre e cando se atopen nunha situación de conflito sociofamiliar ou persoal grave asociada, co fin de que facilite permanecer na súa contorna habitual nunhas condicións básicas de mellora da súa vida diaria, así coma da súa persoa coidadora, e non conten con capacidade económica suficiente.

ARTIGO 1. OBXECTO E FUNDAMENTACIÓN LEGAL.

O obxecto da presente ordenanza é regular as condicións de concesión da praza subvencionada polos servizos sociais do Concello de Arteixo, no Centro de día “O Seixedo”, no marco da lexislación vixente que compete.

O regulamento das condicións de concesión da praza subvencionada polos servizos sociais do concello establécese en virtude do recollido na Lei 7/1985, regulamentadora das bases de réxime local, no ámbito da Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, e da Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación da dependencia, así coma de toda a normativa que as desenvolven.

ARTIGO 2. INTERPRETACIÓN

A interpretación desta ordenanza regulamentadora é competencia dos órganos de goberno deste concello.

ARTIGO 3. COMPETENCIAS.

O Concello reserva como competencia exclusiva as seguintes funcións: A planificación, programación e dirección técnica do servizo; a coordinación, seguimento, supervisión e control do mesmo; así coma a selección da persoa usuaria e a aprobación de altas, baixas e modificacións.

En todo caso, a sede oficial estará situada nas dependencias do Concello de Arteixo.

ARTIGO 4. DEFINICIÓN E OBXECTIVOS DO SERVIZO.

A praza subvencionada no Centro de Día O Seixedo, ten por obxecto prestar un conxunto de Atencións de forma integral e normalizadora, nun ámbito institucional temporal, ás persoas en situación de Dependencia valoradas pola Xunta ou susceptibles de selo, na que teñan limitada a súa autonomía persoal por motivos físicos e/ou psicosociais, que pola súa situación sociofamiliar ou persoal grave asociada, non poidan facer fronte ao seu pagamento, sendo este necesario para evitar unha situación de desestruturación familiar ou de exclusión social, sempre e cando non teñan a consideración de GRAVE DEPENDENTE ou ASISTIDO con necesidade dunha terceira persoa de xeito continuado e manteñan un medio de vida familiar suficiente, ou senón, unha contorna social que lles serve de apoio e que non lles fai precisar o seu ingreso nunha residencia permanente.

O servizo prestarase en xornada de estadia diurna no Centro de Día “O Seixedo”, na franxa horaria comprendida entre as 9h e as 20h, de luns a venres.

Este servizo non exime á familia das súas responsabilidades.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

Son obxectivos do servizo:

- a. **Contribuír na prevención de situacións de dependencia e de exclusión social GRAVE.**
- b. **Contribuír á conciliación da vida familiar e laboral**, ofrecendo un apoio institucional temporal.
- c. **Posibilitar a permanencia da persoa usuaria, na súa contorna de convivencia habitual, mentres esta sexa necesaria, nunhas condicións básicas de mellora da súa vida diaria, e da súa persoa coidadora.**
- d. **Favorecer a súa participación na vida comunitaria (persoa usuaria)** evitando situacións de illamento e pasividade, e ofrecendo alternativas ocupacionais ou de ocio que favorezan a súa inclusión social.
- e. Complementar o **servizo de Atención domiciliaria.**

ARTIGO 5. CONTIDO DO SERVIZO.

As atencións que se prestan son as recollidas no artigo 4 do Regulamento de Réxime interior do Centro de Día "O Seixedo" como **SERVIZOS BÁSICOS QUE SE OFRECEN: ANEXO I**

ARTIGO 6. PERSOAS DESTINATARIAS.

A prestación deste servizo, vai destinado a persoas maiores de 65 anos, e de forma excepcional maiores de 60 anos, que se atopen empadroados e residan de forma efectiva no Concello de Arteixo, que polas súas eivas físicas ou mentais, teñan limitada a súa autonomía persoal para as **actividades da vida diaria**, debendo acadar a puntuación mínima do baremo aplicado para o Servizo municipal de Axuda no fogar, sempre e cando se atopen nunha situación sociofamiliar ou persoal grave asociada, e non conten con medios suficientes para facer fronte ao seu pagamento, sendo este necesario a fin de evitar situacións de desestruturación familiar ou de exclusión social, e para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención.

ARTIGO 7. REQUISITO XERAL DA PERSOA DESTINATARIA PARA O ACCESO AO SERVIZO:

Son requisitos xerais para ter acceso ao servizo, sendo motivo **de denegación:**

1. Estar empadroada/o e ter residencia efectiva no Concello de Arteixo.
2. Presentar a documentación completa, xunto coa solicitude, no Rexistro xeral do Concello acreditando a situación de necesidade do servizo.
3. Que o recurso sexa **valorado como idóneo** polo departamento de servizos sociais do Concello mediante informe social e ditame-proposta, debendo acadar a puntuación mínima esixida de **5 PUNTOS** no Baremo de falta de autonomía persoal para as actividades da vida diaria, **5 PUNTOS** no de Falta de Apoio social e familiar, **así coma, 12 PUNTOS no de situación de carencia económica familiar**, aplicado para o Servizo municipal de Axuda no Fogar. Para o resto dos aspectos a baremar, estes terán unha función meramente de ordenación na listaxe de reserva, no caso de facer uso dela.
4. Asinalo correspondente **Acordo de servizo**, no que a persoa usuaria acepta cumprir as obrigas inherentes ao servizo.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

5. **Non** ter dereito a recibir un servizo similar de ningunha outra entidade pública ou privada (SISTEMA DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (SAAD), MUFACE, ISFAS, ONCE, CÁRITAS, etc.).
6. **Non** presentar un estado de deterioro físico nin psíquico tal que precise doutro tipo de atención especializada asistida ou de internamento, nun centro residencial **permanente**.

ARTIGO 8. DURACIÓN E INTENSIDADE DO SERVIZO.

O tempo máximo de permanencia no servizo será de **3 meses**, renovábeis, logo de valoración técnica, até un máximo de **6 meses***.

O servizo terá sempre un carácter **subsidiario** doutras alternativas vixentes na contorna.

A xornada de estadía diúrna, comprende sempre a de **media xornada (mañá ou tarde)**, polo que se posibilita o goce do servizo a un máximo de dúas persoas por día; En caso excepcional, logo de valoración técnica, poderase ampliar a estadía a **xornada completa de forma temporal**, polo que o goce do servizo só acadará a unha persoa por día.

A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas de atención mensual, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe social técnico expresado no artigo 7.3.

Os horarios que se conceden de forma xeral, son os horarios de **mañá**, de **9h a 13h** (sen xantar) e os de **tarde**, de **15 a 20h**; no caso de que se valore a necesidade do horario de **mañá** de **9h a 15h** (con xantar) ou de **tarde** de **13h a 20h** (con xantar), **a persoa usuaria sufragará o gasto do Xantar***.

ARTIGO 9. DEREITOS E DEBERES DA PERSOA USUARIA.

A persoa usuaria, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicábel sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, **APLICARÁSELLE OS DEREITOS E DEBERES QUE FIGURAN NO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO CENTRO DE DÍA O SEIXEDO, ANEXO I, e os recollidos na ordenanza municipal regulamentadora do servizo de axuda no fogar do Concello de Arteixo:**

DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS.

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.
2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
3. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
4. A coñeceren a situación do seu expediente.
5. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
6. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS.

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os medios materiais necesarios.
2. Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
3. A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.
4. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respetar os límites das súas obrigas laborais.
5. Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
6. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.
7. A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

O incumprimento inxustifico e non comunicado, dalgun destes deberes por parte da persoa usuaria, poderá implicar a suspensión temporal ou extinción da prestación do servizo.

ARTIGO 10. CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO

A extinción ou modificación das condicións requirirá a resolución do Órgano competente, previa instrución do correspondente expediente administrativo, no que quede acreditada a causa que a motivou, e no que se considerará a figura da suspensión cautelar, de ser o caso.

A extinción ocasiona a perda de condición de persoa usuaria do servizo.

1. Son causas de extinción do servizo as seguintes:
 - a. A renuncia da persoa usuaria.
 - b. O cambio do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso idóneo e a súa incompatibilidade co servizo.
 - c. Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
 - d. Falecemento da persoa usuaria.
 - e. Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para a persoa usuaria na prestación do servizo, entendendo a reincidencia da infracción en dúas ocasións durante o ano natural.
 - f. A negativa de firmar o Acordo de aceptación do servizo.
 - g. A suspensión temporal do servizo que supere o período **de un mes**.
 - h. Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
 - i. Por reorganización do servizo, en función das dispoñibilidades orzamentarias do exercicio.
2. Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

ARTIGO 11. CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO.

A suspensión suporá unicamente que a persoa usuaria terá reservada a praza durante o tempo que dure a mesma.

No caso de que a persoa usuaria teña dereito a reserva de praza, non se manterá o horario inicial, quedando a expensas da dispoñibilidade do servizo.

O período máximo de suspensión será de **un mes.**

Son causas de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente administrativo e informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio: Neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de **1 mes,** debendo acreditar a persoa usuaria as causas que o motivan e o período da súa ausencia.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo, neste caso poderá suspenderse atéb un máximo de **1 mes.**

ARTIGO 12. FUNCÍONS E COMPETENCIAS DA PERSOA TÉCNICA MUNICIPAL RESPONSÁBEL DO SERVIZO.

A persoa técnica MUNICIPAL responsábel do servizo, desempeña un labor de carácter técnico de:

1. Receptora da demanda.
2. Estudo e valoración da situación de necesidade presentada.
3. Deseño do proxecto de intervención axeitado á situación presentada.
4. Responsábel do seguemento e avaliación das situacións atendidas.

Son competencias desta:

1. A planificación e a programación do servizo, no marco dos servizos sociais municipais.
2. A avaliación técnica de cada solicitude.
3. O establecemento de obxectivos e máis do correspondente proxecto de intervención
4. A elevación de propostas de resolución ao órgano municipal de goberno competente para a súa resolución.
5. A coordinación e avaliación continua dos casos atendidos coa persoa técnica responsábel da entidade Centro de día O Seixedo.

ARTIGO 13. FUNCÍONS E COMPETENCIAS DA PERSOA TÉCNICA RESPONSÁBEL DO SERVIZO DA EMPRESA CENTRO DE DÍA O SEIXEDO.

Son funcións da persoa técnica RESPONSÁBEL da empresa adxudicataria, a de:

1. Receptora da Orde de Alta no servizo.
2. Planear a estratexia a seguir máis axeitada a cada situación.
3. Seguemento individualizado dos casos.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

4. Presentar periodicamente os informes de seguemento das situacións atendidas, á persoa técnica responsábel municipal do servizo, nos que constarán as incidencias máis significativas, así como posibles causas de suspensión, extinción ou modificación do servizo atendido, cando menos, cada dous meses.
5. Manter xuntanzas periódicas coa persoa técnica responsábel municipal do servizo, a fin de supervisar e avaliar o traballo realizado.

A entidade privada non poderá contratar **SEN PREVIO AVISO E CONSENTIMENTO DO CONCELLO E DA PERSOA USUARIA**, prestacións complementarias do servizo, entendendo por tales aquelas que teñan carácter non regular, as que se poidan executar fóra do CENTRO DE DÍA e as que reforcen a atención regular por medios técnicos ou humanos especializados.

ARTIGO 14. FUNCIÓN E COMPETENCIA DO ÓRGANO DE GOBERNO

É competencia da Alcaldía, a aprobación ou denegación, logo da proposta da persoa técnica responsábel municipal do servizo, das altas e baixas das persoas usuarias, así como modificación das condicións tidas en conta para a súa concesión.

ARTIGO 15. DO CONTROL E FISCALIZACIÓN DO SERVIZO

O control, fiscalización e seguimento do SERVIZO realizarao o Concello a través da Alcaldía ou da persoa en quen delegue, que supervisará a prestación xeral do mesmo, recibindo suxestións e queixas que poidan derivarse deste, tanto por parte da persoa usuaria como DA EMPRESA propoñendo fórmulas de corrección que estime oportunas.

O concello terá a disposición da persoa usuaria do servizo un libro de reclamacións.

ARTIGO 16. DA COORDINACIÓN DO SERVIZO

Todas as intervencións serán programadas, coordinadas e supervisadas polas persoas técnicas responsábeis do servizo, que se prestarán en colaboración co persoal técnico dos outros servizos e programas básicos dos servizos sociais comunitarios da entidade local, e doutros de protección social.

ARTIGO 17. MODALIDADE DE ACCESO AO SERVIZO:

O acceso ao servizo producirase a través dos servizos sociais comunitarios, de acordo coa seguinte modalidade:

1. **Só se dirixirá** para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, acceso, que logo de prescrición técnica favorábel dos servizos sociais comunitarios, resolverase en réxime de libre concorrencia **segundo** os criterios establecidos **no artigo 7 desta** ordenanza municipal.

No suposto recollido no número 1 deste artigo empregarase o baremo **recollido na ordenanza regulamentadora do servizo municipal de axuda no fogar**, en que, ademais dos posibles déficits de autonomía se valoren factores de carácter persoal e sociofamiliar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

ARTIGO 18. LISTAXE DE RESERVA.

Con carácter xeral, no caso de que o servizo non conte con capacidade suficiente para atender todas as situacións de necesidade susceptíbeis do mesmo, elaborárase unha listaxe de reserva á que se accederá pola orde de puntuación acadada nos baremos aplicados, considerando sempre **prioritario** as persoas valoradas con déficit de autonomía para as **actividades básicas da vida diaria**.

En caso de igualar a puntuación obtida, **estarase, en primeiro lugar, á menor RENDA PERSOAL DISPOÑÍBEL, en segundo lugar, ao menor apoio social, e en terceiro lugar, ao maior grao de dependencia**. A puntuación final acadada asignará o número de orde que lle corresponda en dita listaxe de reserva.

Se unha persoa solicitante superase o ano na listaxe de reserva, antes de proceder á súa alta como persoa usuaria, será perceptiva unha nova avaliación da situación.

ARTIGO 19. CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN E PROCEDEMENTO.

1. No acceso será de aplicación o seguinte:
 - a. O procedemento iniciarase por instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común, e cos baremos que se elaboren en desenvolvemento do estipulado nesta ordenanza.
 - b. Cando existan circunstancias debidamente acreditadas no expediente, así o xustificuen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio.
 - c. As solicitudes dos particulares para acceder ao servizo deberán ser valoradas en todo caso por unha persoa diplomada en traballo social do servizo socials comunitarios do concello, que, unha vez realizada a correspondente valoración, determinará, mediante informe social preceptivo e vinculante, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendábel para cada caso concreto.
 - d. O órgano competente para ditar a resolución será a Alcaldía, que pode delegar esta competencia de conformidade co disposto no artigo 21.3º da Lei 7/1985, regulamentadora das bases de réxime local.

2. Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse, entre os servizo socials **comunitarios** e a persoa usuaria, as condicións básicas da súa prestación, que se substanciará no **Acordo de servizo** regulamentado no artigo 7.4 desta ordenanza, **no cal se recollerá o tipo de atención a realizar, a duración e a intensidade do mesmo, concretado en días de atención, horario, e número de meses, así coma os dereitos e deberes da persoa usuaria con respecto a este, causas de extinción definitiva, modificacións, e da suspensión temporal, con entrega de copia para a persoa usuaria, para a empresa prestataria, esta última, a modo de parte de ALTA no servizo, e para o Concello, o cal o arquivará no expediente aberto para o caso. Así mesmo, non exclúe que a persoa usuaria firme UN contrato particularizado coa empresa prestataria, a cal fará entrega dunha copia a aquela, xunto cunha copia do seu respectivo regulamento de réxime interior, que a persoa usuaria debe acatar, sempre e cando non contemple cláusulas abusivas, ademais fará entrega dunha copia para o concello, a modo de parte de INICIO da actividade, contemplado a data de inicio, atencións a realizar, días e horario e nº de meses.**



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

- 3. Estabéllese un período de proba de 1 MES de duración, acorde co regulamento de réxime interior do centro, para a adaptación da persoa usuaria ao mesmo, e para a valoración polo equipo responsábel do programa, da idoneidade do recurso; De non superalo poderase rescindir do Contrato e da praza, comprometéndose o Centro a RESTITUÍR O ENTREGADO EN CONTA, de non esgotarse o período de proba, segundo o recollido no regulamento de réxime interior do Centro.**
4. No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada de Alcaldía ou do membro da corporación local responsábel en materia de servizos sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, por proposta dos servizos sociais **comunitarios** e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente.

ARTIGO 20. DO TRÁMITE DE URXENCIA

Enténdese por situación extrema e urxente necesidade, aquela que, presentada de súpeto e non prevista, supón grave perigo para a vida da persoa usuaria por desatención, como son as altas hospitalarias sen rede de apoio, e ingresos hospitalarios da persoa cuidadora habitual.

Esta intervención de urxencia non poderá manterse máis de un mes sen que medie resolución favorábel expresa. De non achegar a documentación no seu tempo, sen causa motivada, procederase ao seu arquivo.

ARTIGO 21. DA RENOVACIÓN DO SERVIZO.

Para a renovación do servizo, a persoa usuaria deberá presentar a documentación establecida, co fin de determinar se cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. De non achegar a documentación requirida, sen causa motivada, procederase ao seu arquivo.

ARTIGO 22. DO INICIO DO SERVIZO

O prazo de inicio da prestación será non superior a **5 días** como máximo despois da súa resolución, no caso de altas con carácter urxente o prazo será de **24 horas**, sempre e cando exista dispoñibilidade orzamentaria e praza vacante.

ARTIGO 23. DO PRAZO DE SOLICITUDE DO SERVIZO.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto todo o ano, e **está supeditado á existencia de prazas vacantes, e á existencia de dispoñibilidade orzamentaria, podéndose crear listaxe de reserva, e mesmo dar de baixa o servizo.**

ARTIGO 24. DA DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

A documentación que acompaña a solicitude, será a que segue:

1. DNI da persoa usuaria e das persoas que convivan habitualmente no domicilio, no seu defecto, documento oficial acreditativo analogo.
2. Libro de familia que acredite parentesco.
3. Informes médicos recentes.
3. Certificado de empadramento e convivencia no Concello de Arteixo.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

4. Certificado de discapacidade e /ou certificado do grado de dependencia, de ser o caso.
5. Tarxeta sanitaria da persoa ou unidade de convivencia usuaria do servizo.
6. Certificado positivo ou negativo de pensión coñecida, calquera que sea a súa orixe, da persoa usuaria e do seu conxuxe ou parella de feito, e de se-lo caso, das persoas ascendentes, fillos menores de 25 anos ou maiores con discapacidade valorada, que convivan de maneira habitual 183 días/ano e dependan economicamente, sempre que non superen de 8000€/ano.
7. Certificado positivo ou negativo de imputación de rendas do derradeiro exercicio da persoa usuaria e do seu conxuxe ou parella de feito, e de se-lo caso, das persoas ascendentes, fillos menores de 25 anos ou maiores con discapacidade valorada, que convivan de maneira habitual 183 días/ano e dependan economicamente, sempre que non superen de 8000€/ano.
8. Certificado positivo ou negativo de imposto de patrimonio da persoa usuaria e no seu caso do seu conxuxe ou parella de feito, e de se-lo caso, das persoas ascendentes, fillos menores de 25 anos ou maiores con discapacidade valorada, que convivan de maneira habitual 183 días/ano e dependan economicamente, sempre que non superen de 8000€/ano.
9. Calquera outro documento que se considere necesario para a baremación da solicitude e que teña relación cos aspectos valorados na mesma.

ARTIGO 25. FINANCIAMENTO.

O servizo financiarase a través de achegas que o Concello de Arteixo consigne anualmente no seu orzamento, **que poderá complementarse** con achegas **derivadas de** subvencións que conceda a Xunta de Galicia, a Deputación provincial ou calquera outro organismo oficial público e privado; **En ningún caso suporá un custo para a persoa usuaria.**

ARTIGO 26. DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS DO SERVIZO.

1. Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o servizo.
2. A capacidade económica da persoa usuarias calcularase de acordo coa ordenanza fiscal municipal reguladora do prezo público pola prestación **do servizo de Axuda no Fogar, agás o referido ás persoas da familia computábeis que se terán en conta a todas as que convivan habitualmente aínda que non dependan economicamente.**

ARTIGO 27. NORMATIVA SUBSIDIARIA.

En todo caso, no non disposto nesta ordenanza aterase ao establecido na lexislación aplicábel.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza, entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e teña transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 e no artigo 70.2 da lei 7/85 de 2 de abril, de Bases de Réxime Local



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

ANEXO I

CENTRO DE DÍA SEIXEDO

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO CENTRO

ARTIGO 1.- TIPO DE CENTRO E TITULARIDADE

O centro de Día Seixedo é un equipamento prestador de servizos sociais de atención diúrna de persoas maiores con perda da súa autonomía física ou psíquica que residindo nos seus propios fogares precisen dunha serie de coidados e atencións de carácter persoal, terapéutico ou social.

O seu nome comercial é Centro de Día para Maires “Seixedo”

Situado na Rúa do Seixedo nº 29 en Arteixo (A Coruña).

ARTIGO 2.- PERMISO DE INICIO DE ACTIVIDADE

O centro conta con permiso de inicio de actividades concedido por resolución da administración de data 6 de maio de 2009 e cunha capacidade para 28 prazas

ARTIGO 3.- DATOS IDENTIFICATIVOS DA ENTIDADE TITULAR

Entidade: Hijos de Pereira y Gil S,L.

C.I.F B-70.149.778

C/ Barcelona nº 111 4º piso A Coruña C.P. 15011

Nº de rexistro como entidade prestadora de servizos sociais: VP-2261.

ARTIGO 4.- SERVICIOS BÁSICOS QUE SE OFERTAN NO CENTRO

Os servizos básicos que prestará o centro son:

- Aseo e coidados especiais
- Manutención (almorzo, xantar e merenda).
- Rehabilitación menor
- Actividades ocupacionais
- Actividades ocupacionais e animación
- Actividades de mantemento e recuperación da habilidade psicolóxica e física.

ARTIGO 5.- SERVICIOS COMPLEMENTARIOS.

- Perruquería e podoloxía

ARTIGO 6.- OS PREZOS

A relación de prezos, achégase anexo ao regulamento de réxime interior e estarán expostos e actualizados para libre consulta dos usuarios. Neste anexo tamén constan os prezos dos servizos complementarios ou optativos. Os prezos enténdense co IVE engadido.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

ARTIGO 7.-RÉGIMEN DE ACTUALIZACIÓN DE LOS PRECIOS

Os prezos incrementaranse a primeiros de ano de acordo co IPC galego, segundo designe o Instituto Galego de Estatística (IGE).

Os pagos serán por domiciliación bancaria.

O período de pago será por adiantado dentro dos 5 primeiros días de cada mes No suposto de ingreso na 2ª quincena do mes así como de estancias inferiores ós 15 días, o importe será proporcional e aboarase por adiantado e en efectivo.

Expedirase unha factura detallada e entregarse unha copia ó usuario.

ARTIGO 8.- A FINANZA E A RESERVA DE PRAZA

A fianza abonarase en efectivo no momento de formalizar o contrato.

O seu importe será o de una mensualidade básica (douscentos noventa euros)

A fianza garantirá os pagos así como os posibles danos ocasionados durante a permanencia do usuario no centro.

A reserva de praza no caso de hospitalización ou ausencia/vacacións por máis de 5 días será mediante o pago dunha mensualidade básica, o non pago da cantidade correspondente á reserva de praza dará o dereito o centro de ocupala.

ARTIGO 9 O INGRESO:-

Ao ingreso no centro respectarase a vontade do usuario ou do seu representante legal.

Condicións:

Idade igual ou superior aos 65 anos, ou, excepcionalmente maiores de 60 que pola súa situación persoal ou social precisen deste centro.

Documentación a presentar:

Informe médico co diagnóstico e coa posoloxía do tratamento farmacolóxico a subministrar, dietas especiais...

Fotocopia do D.N.I., da tarxeta sanitaria e dos datos bancarios necesarios para a domiciliación,

Datos da unidades familiar, persoas de contactos, direccións e teléfonos.

Entregarase unha copia do Regulamento de réxime interior, lista de prezos e deixarase constancia da entrada e da súa data.

ARTIGO 10.-PERÍODO DE PROBA.

O período de proba será de 1 mes, que se abonará normalmente.

Durante este mes poderase rescindir o contrato por ámbalas partes, e no caso de non esgotarse o prazo se devolverá a proporción do importe cobrado.

ARTIGO 11.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato expedirase por duplicado e irá asinado por ámbalas dúas partes.

Si o usuario no poidese asinar, colocará a pegada do dedo índice dereito no lugar reservado para súa sinatura. De non poder asinar o familiar ou o responsable, procederáse de igual xeito.

Entregarase unha copia ó usuario, e terá como anexo unha autorización bancaria para a domiciliación dos pagos.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

ARTIGO 12.- A DOCUMENTACIÓN DO CENTRO.

O centro conta:

- Cun libro de reclamacións a disposición dos usuarios.
- Cun seguro de responsabilidade civil
- Cun Libro de rexistro de altas e baixas dos usuarios.
- Cun expediente individual de cada usuarios.

ARTIGO 13.-RÉXIME INTERIOR.

O centro permanecerá aberto de 9:00 da mañá ata as 20:00 da noite de luns a venres, aínda que por motivos de demanda este horario pódese modificar para atender os usuarios.

Se durante a permanencia do usuario no centro fose incapacitado e se designara titor legal, deberase facilitar o centro copia da sentenza xudicial.

ARTIGO 14.- RÉXIME DE VISITAS

O horario de visitas é o mesmo que o do centro tamén será posible que as visitas poidan comer no propio centro.

No réxime de saídas e comunicación co exterior respectarase completamente a vontade do usuario ou do seu representante.

ARTIGO 15.- AS COMIDAS

O centro conta con menús supervisados, a fin de garantir aos residentes o aporte dietético e calórico axeitado.

O horario de comidas será en dúas quendas, entre as 13:00 e as 15:00 horas con dietas especiais sempre xustificadas. Os familiares poderán comer no centro, dentro do horario, con mesmo menú e abonando o seu prezo.

O usuario terá a obriga de comer se no horario de comidas se atopa no centro.

No está permitido traer comida de fora do centro.

ARTIGO 16.- PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DE RECEITAS

O centro non pode expedir nin modificar receita algunha polo que serán xestionadas polas familias.

ARTIGO 17.- PROCEDEMENTO DE ACOMPAÑAMIENTO EN CASO DE INTERNAMENTO, ASISTENCIA A CENTROS MÉDICOS E/U OUTRAS CONSULTAS

En caso de necesitar internamento un usuario, a criterio do centro, procederáse ao seu ingreso no Centro Hospitalario que corresponda. Para elo, un familiar, si o ten, responsabilizarase do seu acompañamento e das súas xestións pertinentes. O usuario ou o seu representante autoriza ao seu traslado ao Centro correspondente.

No caso de consultas programadas, un familiar ou persoa que o usuario desexe, previa comunicación ao centro, será quen o acompañe; de non contar o usuario con persoa ao efecto ou así o prefira, será acompañado polo persoal do centro o cal se responsabilizará das xestións pertinentes, aplicándose neste caso as tarifas vixentes especificadas no anexo.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

ARTIGO 18 -OBRIGAS DO USUARIO.

As persoas usuarias dos servizos sociais terán os seguintes deberes:

- a) Cumprir as normas, os requisitos e os procedementos para o acceso ao sistema galego de servizos sociais, para o que facilitarán información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para a súa utilización e comunicarán as variacións que estas experimenten.
- b) Comunicarlle ao persoal de referencia calquera cambio significativo de Circunstancias que puidese implicar a interrupción ou modificación substancial da intervención proposta polos servizos sociais.
- c) Colaborar co persoal encargado de prestarlles a atención necesaria, acudindo ás entrevistas con eles e seguindo os programas e as orientacións que lles prescriban.
- d) Manter unha actitude positiva de colaboración coas persoas profesionais dos servizos sociais, participando activamente no proceso que xere a intervención social na que sexan destinatarias.
- e) Participar de xeito activo no seu proceso de mellora, autonomía persoal e inserción social.
- f) Destinar as prestacións recibidas ao fin para o que foron concedidas.
- g) Contribuír ao financiamento do custo dos servizos consonte a normativa vixente.
- h) Cando utilicen as instalacións ou residan nun centro, observar os regulamentos de réxime interior e as normas de funcionamento ou convivencia.

ARTIGO 19.-DEREITOS DOS USUARIOS.

1. O respecto da dignidade da persoa, da súa autonomía e intimidade e do seu benestar orientará a actuación pública e a actividade das persoas profesionais e entidades xestoras de servizos sociais.
2. Recoñécese o dereito aos servizos sociais, como dereito subxectivo, cando se trate de servizos e prestacións esenciais recoñecidos como tales nesta lei.
3. Así mesmo, todas as persoas, en tanto que usuarias ou usuarios dos servizos sociais, terán os seguintes dereitos en relación co sistema galego de servizos sociais:
 - a) A utilizar o sistema de servizos sociais en condicións de igualdade e sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, estado civil, idade, situación familiar, discapacidade, ideoloxía, crenza, opinión ou calquera outra circunstancia persoal, económica ou social.
 - b) A recibir un trato acorde coa dignidade da persoa e co respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais, tanto por parte do persoal coma das persoas implicadas no centro, programa ou servizo.
 - c) A unha intervención individualizada acorde coas súas necesidades específicas, así como a que se lles asista nos trámites necesarios de cara ao seu acceso á atención social, sanitaria, educativa,



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

cultural e, en xeral, a todas as necesidades persoais que sexan precisas para conseguir o seu desenvolvemento integral.

d) A recibir información de xeito áxil, suficiente e veraz, e en termos comprensibles, sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais.

e) A ter asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia e a globalizade no proceso de intervención social.

f) Á confidencialidade, ao sigilo e ao respecto en relación cos seus datos persoais e coa súa información que sexa coñecida polos servizos sociais en razón da intervención profesional, sen prexuízo do posible acceso a aqueles no exercicio dunha acción inspectora, de conformidade coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

g) A acceder ao seu expediente persoal e a obter copia del.

h) A elixir libremente, dentro da capacidade de oferta do sistema e logo da valoración técnica, o tipo de medidas ou de recursos adecuados para o seu caso.

i) A rexeitar a oferta de participación en servizos ou programas que lles oferte o sistema, ou, se é o caso, a que o seu consentimento, libre e expreso, sexa requirido para o ingreso nun centro ou a participación nun programa, sen prexuízo do cumprimento debido das resolucións xudiciais cando estea limitada a súa capacidade de obrar.

j) A recibir unha tarxeta social de carácter persoal e intransferible que as acredite como titulares do dereito de acceso aos servizos sociais.

k) Á calidade dos servizos e prestacións recibidas, para o que poden presentar suxestións e reclamacións.

l) A dar instrucións previas respecto da asistencia ou dos coidados que se lles poidan administrar, co obxecto de facer fronte a situacións futuras en cuxas circunstancias non sexan capaces de expresalas persoalmente.

m) Ao respecto dos dereitos lingüísticos das persoas usuarias, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento por parte do sistema galego de servizos sociais da súa actividade desde a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

n) Aos demais dereitos que, en materia de servizos sociais, estean recoñecidos nesta lei e no resto do ordenamento xurídico.

ARTIGO 20.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

Avisarase a baixa con 10 días de antelación.

Causas de resolución:

- 1.- En calquera momento a petición do usuario.
- 2.- Polo incumprimento reiterado das obrigas do usuarios
- 3.- Por falecemento.
- 4.- Por falta de pago.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

ARTIGO 21.-

O centro garante a seguridade e confidencialidade dos datos de carácter persoal facilitados polos usuarios e/ou os seus familiares, e así, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de Protección de datos de Carácter Persoal, o usuario, no momento da sinatura do contrato, queda informado e presta o seu consentimento á incorporación dos seus datos a ficheiros automatizados ou non e ao tratamento dos mesmos, coa finalidade de prestación de servizo en beneficio dos usuarios.

O usuario poderá exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación, e oposición nos termos establecidos na lexislación vixente.



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

ANEXO II

SERVIZO PRAZA SUBVENCIONADA NO CENTRO DE DÍA O SEIXEDO

PROXECTO DE INTERVENCIÓN

1. Datos de identificación do expediente.

Expediente ¹	Intervención n ^{o2}	Data de solicitude	Data de inicio

Sector de referencia ³	Ámbito de atención ³	Nº total de usuarios

Nome e apelidos	Data de ncto.	DNI.:	Sexo	Estado Civil

Proxecto	Data do Proxecto	Data fin de Proxecto

ANTECEDENTES RELEVANTES:

2. Atención que se prestará.

Días da semana

L	M	M	X	V	S	D		H.S *		HORARIO

*H.S = Horas semanais

Tipo de servizo que se presta 4

Perfil das persoas profesionais

Outros servizos:

¹ Identificación do expediente en SIUSS

² N.º. de orde desta intervención en relación co total realizadas neste expediente



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

³ Tipoloxía SIUSS

⁴ Pódese empregar a tipoloxía SIUSS

3. Existencia doutros servizos/apoios prestados.

Existencia:

Servizos/apoios:

Número de horas semanais:

4. Obxectivos específicos e tarefas que se propoñen.

Obxectivos do servizo proposto:

--

Tarefas que se realizarán:

--

1. Periodicidade do seguimento (mínimo bimensual).

Técnico responsábel:

Asdo.:



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

ANEXO III

SERVIZO DE PRAZA SUBVENCIONADA NO CENTRO DE DÍA O SEIXEDO POLO CONCELLO ARTEIXO ACORDO DE SERVIZO

Reunido en.....o día,.....
Dunha parte don/dona.....con DNI:.....
E doutra....., en calidade de Técnico responsábel municipal do servizo de PRAZA SUBVENCIONADA NO CENTRO DE DÍA PRIVADO “O SEIXEDO” POLO CONCELLO DE ARTEIXO.

ACORDAN

1. Que o CONCELLO DE ARTEIXO, como titular da entidade prestadora....., prestarán o servizo de PRAZA DE DÍA SUBVENCIONADA NO CENTRO DE DÍA PRIVADO O SEIXEDO, á devandita persoa desde o día que se sinale NO CONTRATO PARTICULARIZADO asinado para o caso, e non máis tarde dos CINCO (5) días desde a súa resolución.
2. Que a prestación do Servizo DE PRAZA SUBVENCIONADA NO CENTRO DE DÍA PRIVADO “O SEIXEDO” POLO CONCELLO DE ARTEIXO realizarase por un prazo de MESES, con posibilidade de prórroga segundo a valoración técnica dos servizos sociais comunitarios e da entidade prestadora, **ATÉ UN MÁXIMO DE 6 MESES.**
3. Que A PRESTACION DO SERVIZO se levará a cabo os días da semana e no horario ATENDENDO Á DISPOÑIBILIDADE ORZAMENTARIA DE CADA MOMENTO, **POR UN TOTAL DEDÍAS NA SEMANA (LUNS A VENRES), EN XORNADA DE(SEN XANTAR), E POR UN TOTAL DE..... HORAS NA SEMANA.**
4. Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, **as atencións que se fixan inicialmente** para o desenvolvemento do SERVIZO, son as **RECOLLIDAS NO PUNTO 4 DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO CENTRO DE DÍA “O SEIXEDO” como SERVIZOS BÁSICOS QUE SE OFRECEN.**
7. Que as tarefas que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SERVIZO, e que serán levadas a cabo polo persoal do CENTRO serán a sinaladas no REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DO CENTRO DE DÍA “O SEIXEDO” E NO CONTRATO PARTICULARIZADO asinado para o caso, **E SEGUNDO ESTE ACORDO.**
8. Que, así mesmo, a persoa usuaria, a súa familia ou persoas achegadas se comprometen a levar a cabo as tarefas NON RECOLLIDAS.
9. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inicialmente estipuladas neste acordo (tipo atención, duración, días e horas de atención), deberán ser recollidas nun DOCUMENTO NOVO ASINADO pola persoa usuaria titular e a persoa responsábel do SERVIZO do Concello de Arteixo e da empresa prestataria, sendo ANEXADAS ao acordo ORIXINAL.
10. Que o servizo se prestará atendendo ás condicións regulamentadas na Ordenanza municipal sobre o Servizo de praza subvencionada no centro de día privado “O Seixedo” polo concello de Arteixo, e no



CONCELLO DE ARTEIXO

SECRETARÍA

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Fax: 981 60 24 17

Email: secretaria@arteixo.dicoruna.es

Regulamento de Réxime interior do propio Centro, ademais da normativa xeral na que se amparan, onde están recollidas os dereitos e obrigas da persoa usuaria titular, baixas temporais e causas de extinción.

Ambas as partes dan a súa conformidade ao presente acordo de prestación do SAF, e o asinan,

.....de.....de 20...

A persoa usuaria titular

A persoa técnica responsábel
do Concello Arteixo.

A persoa técnica responsábel
da empresa prestataria.

.....

.....

.....

En Arteixo, 1 de XULLO do 2010.
A ALCALDESA-PRESIDENTA

Asdo.: PILAR SOUTO IGLESIAS